

**Recurso nº 132/2019**

**Resolución nº 124/2019**

## **RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto polo COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA contra o anuncio e os pregos do contrato mixto de subministración e obra para renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior do Concello de Maceda, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** Polo Concello de Maceda convocouse a licitación do contrato mixto de subministración e obra para renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior do Concello de Maceda, expediente ID 512317, cun valor estimado declarado de 239.627,24 euros.

**Segundo.-** O 14.05.2019 o COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin.

**Terceiro.-** Solicitado ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o 27.05.2019 recíbese resolución do órgano de contratación, adoptada o 24.05.2019, pola que se acorda o desestimento da referida licitación, así como acorda publicar a mesma no DOUE e na Plataforma de

Contratación do Sector Público. Tamén sinala que non consta entrada de ningún licitador.

**Cuarto.-** O 20.05.2019 adoptouse a medida de suspensión cautelar.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

**Segundo.-** O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

**Terceiro.-** Antes de abordar outros aspectos, hai que deterse no feito de que existe un acordo do órgano de contratación, mediante decreto asinado electricamente o 24.05.2019, polo que se desiste do procedemento da contratación.

O Concello de Maceda sinala que, ao momento de remitir o seu informe, non consta a entrada de ningún licitador, polo que por razón de interese público, en aras da inexistencia de terceiros afectados, de acordo cos principios garantistas dos dereitos dos licitadores e dos principios da contratación pública e a seguridade xurídica, dito Concello considera axustado a dereito desistir do procedemento de contratación por non lesionar dereitos de terceiros e non afectar a ningún interesado, xa que non constan ofertas.

Reproduce o citado órgano de contratación o artigo 152 LCSP e sinala que a documentación técnica debería reunir todas as garantías e contido necesario para esa contratación, sen que responda satisfactoriamente a todas as exixencias da contratación. Así, conclúe acordando o desestimento da contratación por razóns de interese público e ordena a publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público e no DOUE.

Dado que o órgano de contratación desiste da contratación obxecto da impugnación, cabe poñer fin ao presente recurso como consecuencia da carencia sobrevida do seu obxecto.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto polo COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA contra o anuncio e os pregos do contrato mixto de subministración e obra para renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior do Concello de Maceda, no sentido manifestado no último dos fundamentos.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.